



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de outubro de 2022 (1312/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(912).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(913).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE A TRAVÉS DA CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. EXPTE. 49972/446.

Visto o informe de fiscalización do 27/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/10/2022, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe da Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- Con data de 10 de xuño de 2022 a Rede de Cidades Saudables, coa FEMP publica as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE a través da CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

Estas axudas están destinadas a proxectos que executen as Entidades Locais para a creación ou rehabilitación de espazos saudables e contribúen a acadar os obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, panca VIN, compoñente 18, investimento 2 (C18.I2), financiado co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Así mesmo, perséguese que os proxectos participen no logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) 11.6, 11.7, 3.4 e 3.9 recollidos na Axenda 2030.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as Entidades Locais pertencentes á Rede Española de Cidades Saudables (RECS)³, cuxa adhesión á Rede estea aprobada con anterioridade á data de publicación da Convocatoria.

2.- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 8 de xullo de 2022 adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a realización da actuación denominada "**RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA**", de acordo co proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Carlos Gustavo Grella, colexiado polo ICOIIG, nº 1552, e a memoria Técnica asinada polo Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o Xefe da Área de Investimentos, no que determina a totalidade do proxecto a presentar, incluíndo o programa de comunicación e a previsión de gastos de asistencias técnicas. O devandito proxecto na súa globalidade ten un importe de 250.191,98€, sendo o importe correspondente ao IVE de 52.540,32€, o cal fai un total de 302.732,30€, de acordo co seguinte resumo:



Concello de Vigo

Comunicación e difusión	2.955,00 €
Obras	58.560,03 €
Persoal (contrato específico)	
Servizos profesionais independentes.	8.500,00 €
Subministracións e equipamentos	180.176,95 €
TOTAL PROXECTO	250.191,98 €
IVE	52.540,32 €
TOTAL CON IVE	302.732,30 €

Actuacións xerais do parque	8.500,00 €
Total novo parque	158.010,75 €
Área merendeiro	4.963,35 €.
Área Fitness	44.931,48 €
Área Pista deportiva	22.331,40 €
Total renovación parque	238.736,98 €
IVE	50.134,77 €
Total con IVE	288.871,75 €

Segundo: Aprobar a realización da actuación denominada “**RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS**”, de acordo co proxecto redactado pola Arquitecta, D^a. Estefanía Vázquez Martínez, Colexiado polo COAG, nº 5135, e a memoria Técnica asinada polo Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o Xefe dá Área de Investimentos, no que determina a totalidade do proxecto a presentar incluíndo o programa de comunicación e a previsión de gastos de asistencia técnicas. O devandito proxecto na súa globalizade ten un importe de 310.610,00€, sendo o importe correspondente ao IVE de 65.228,10 € que fan un total de 375.838,10, de acordo co seguinte resumo:

Comunicación e difusión	2.955,00 €
Obras	55.208,00 €
Persoal (contrato específico)	
Servizos profesionais independentes.	8.500,00 €
Subministracións e equipamentos	243.947,00 €
TOTAL PROXECTO	310.610,00 €
IVE	65.228,10 €
TOTAL CON IVE	375.838,10 €

Terceiro: Solicitar axuda á Federación de Municipios e Provincias (FEMP) para a execución das citadas actuacións, no marco da Convocatoria de axudas para a realización de actuacións da C18.I2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiadas a través do instrumento Europeo de Recuperación «Next Generation EU» e aprobar o compromiso de financiamento por parte do Concello de Vigo de acordo cos seguintes datos:

PROXECTO PRIORIDADE 01: RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA

TOTAL PROXECTO	250.191,98 €
IVE	52.540,32 €
TOTAL CON IVE	302.732,30 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA	120.000,00 €
Importe a financiar polo Concello de Vigo	182.732,30 €

PROXECTO PRIORIDADE 02: PROXECTO DE RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS

TOTAL PROXECTO	310.610,00 €
IVE	65.228,10 €
TOTAL CON IVE	375.838,10 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA	120.000,00 €
Importe a financiar polo Concello de Vigo	255.838,10 €

En relación á execución orzamentaria das previsións indicadas na relación ao cronograma de execución, estas serán dotadas economicamente nos correspondentes exercicios orzamentarios, tendo en conta que o escenario orzamentario destas obrigacións quedará supeditado aos importes que resulten da resolución da convocatoria e a súa posterior aceptación por parte do Concello de Vigo, e no caso de licitación no ano 2022 existe crédito adecuado e suficiente na aplicación: 1710.6190015 "Parques infantís e biosaúdables",

Cuarto: Aceptar todas as obrigacións e compromisos para o Concello de Vigo esixidos nas Bases Reguladoras e Convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Quinto: Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE A través da CREACIÓN Ou REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, de acordo aos proxectos indicados no punto primeiro deste acordo.



Concello de Vigo

Dita delegación alcanza, para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos os trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma a través da plataforma creada para ese efecto dispoñible na web da Rede Española de Cidades Saudables (<http://recs.es/>)

II.- NECESIDADE DE REFORMULACIÓN DO MARCO ORZAMENTARIO DOS PROXECTOS:

Con data 14 de outubro de 2022, a proposta do órgano instrutor, o Secretario Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias, procede a asinar a resolución provisional pola que se resolve a concesión de subvencións no marco da *“Convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”*.

Na citada resolución identifícanse as seguintes subvención concedidas ao Concello de Vigo:

- N.º de Expediente 2022-276
Título do proxecto RENOVACIÓN DEL PARQUE CAMILO JOSÉ CELA.
Conceder a entidade identificada, unha axuda polo importe de 120.000,00 €
- N.º de Expediente 2022-349
Título do proxecto RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DEL PARQUE INFANTIL "LA RECONQUISTA" EN EL BERBÉS
Conceder a entidade identificada, unha axuda polo importe de 120.000,00 €

Con data 14 de outubro de 2022, dende a FEMP, procedeuse a notificación da citada resolución a través da plataforma, e polo tanto o Concello de Vigo dispón dun prazo de 15 días naturais para enviar a documentación de ACEPTACIÓN ou REXEITAMENTO da axuda, segundo o sinalado no artigo 16.5 do procedemento de admisibilidade e avaliación.

Non obstante, o documento de ACEPTACIÓN asinado pola Entidade pode ser:

- Carta de Aceptación da subvención no caso de que a Entidade teña unha concesión de subvención TOTAL ou TOTAL CONDICIONADA.
- Carta de Aceptación da subvención con reformulación Concesión das axudas PARCIAIS ou PARCIAIS CONDICIONADAS.

Xunto a esta documentación, a Entidade deberá presentar unha DECLARACIÓN RESPONSABLE relativa á implantación dun Plan Antifraude e unha avaliación do desempeño nas condicións establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión da Recuperación. Plan de Transformación e Resiliencia, tal e como recollen as Bases Reguladoras e a Convocatoria de Subvencións para Medios Saudables no marco do PRTR. Naqueles casos nos que a Entidade dispoña dun Plan Antifraude e de avaliación do desempeño, en lugar de DECLARACIÓN RESPONSABLE, poderá achegar CERTIFICACIÓN DA SECRETARIA con referencia ás datas de aprobación. Adaptando os modelos facilitados a través da plataforma á realidade da súa Entidade.

Por outra banda, a Entidade poderá rexeitar a axuda concedida cumprimentando o escrito de REXEITAMENTO.

Á vista do contido da resolución provisional, e tendo en conta que na actualidade dende o Concello de Vigo foi iniciado o procedemento para a revisión dos proxectos co obxecto do inicio da súa licitación, procede ter en conta que dende o punto de vista económico os proxectos iniciais foron obxecto de revisión por parte dos redactores, en base a necesidade de adecuación dos mesmo o incremento dos prezos que está a afectar a totalidade dos ámbitos da construción e fabricación dos elementos que compoñen a parte de execución de obra e subministrados de equipamentos incluídos nos mesmos.

A revisión dos proxectos deriva nunha variación importante respecto ao prezo para a licitación destas dúas actuacións, para o cal procede a realización da proposta de aceptación da achega concedida cunha reformulación do marco orzamentario previsto inicialmente, de acordo coas seguintes propostas:

a.- PROXECTO PRIORIDADE 01: RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA

O Proxecto "RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA", mantén os mesmos condicionantes iniciais respecto o seu obxecto e ámbito de actuación, e de acordo coa revisión orzamentaria do proxecto realizado pola mercantil PARRILLA INGENIERIA E CONSTRUCCIÓN (redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Carlos Gustavo Grella), acada o seguinte RESUMO DE ORZAMENTO DA RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA,

Actuación previstas no proxecto inicial		Revisión/actualización
Actuacións xerais do parque	8.500,00 €	25.887,66 €
Total novo parque	158.010,75 €	181.712,37 €
Área merendeiro	4.963,35 €.	5.707,85 €
Área Fitness	44.931,48 €	51.671,20 €
Área Pista deportiva	22.331,40 €	67.448,07 €
Espazos verdes		19.704,02 €
Alumeado e instalacións eléctricas		15.097,34 €
Total renovación parque	238.736,98 €	367.228,51 €
IVE	50.134,77 €	77.117,99 €
Total con IVE	288.871,75 €	444.346,50 €

Para a execución desta actuación o Concello de Vigo realizará a contratación dos servizos técnicos externos para os traballos de asistencia técnica para a supervisión e seguimento da execución do proxecto, así como para os traballos de coordinación de seguridade e saúde. A estimación máxima dos custos destas asistencias técnicas estímase en 10.285,00 € (IVE incluído).

PROXECTO DE COMUNICACIÓN:

Mantense a proposta do proxecto de comunicación proposto inicialmente cunha estimación do custe de 3.600,00 € (IVE Incluído)



Concello de Vigo

RESUMO FINAL DO PROXECTO REFORMULADO:

Proposta inicial		Proposta con reformulación
Comunicación e difusión	2.955,00 €	2.955,00 €
Obras	58.560,03 €	160.025,49 €
Persoal (contrato específico)		
Servizos profesionais independentes.	8.500,00 €	8.500,00 €
Subministracións e equipamentos	180.176,95 €	207.203,03 €
TOTAL PROXECTO	250.191,98 €	378.683,51 €
IVE	52.540,32 €	79.523,54 €
TOTAL CON IVE	302.732,30 €	458.207,05 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA	120.000,00 €	120.001,00 €
Importe a financiar polo Concello	182.732,30 €	338.206,05 €

CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN:

PROXECTO: PRIORIDADE 1: RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA			
PRAZO PREVISTO DE EXECUCIÓN		3 MESES	
PREVISIÓN DE DESENVOLVEMENTO POR ETAPAS			
1	Aprobación do Proxecto de Execución polo órgano competente.		1/12/2022
2	Adxudicación da obra.	02/12/2022	16/03/2022
5	Acta de reformulo e inicio da obra.		03/04/2023
6	Certificado Final de Obra (CFO)		03/07/2023
7	Acta de recepción da obra sen observacións.		20/07/2023

PROXECTO PRIORIDADE 02: PROXECTO DE RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS

O proxecto para a "RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS" mantén os mesmos condicionantes iniciais respecto o seu obxecto e ámbito de actuación, e de acordo coa revisión orzamentaria do proxecto realizado pola Arquitecta, D^a. Estefanía Vázquez Martínez, acada o seguinte RESUMO DE ORZAMENTO

Actuación previstas no proxecto inicial	Revisión/actualización
OBRA CIVIL	5.300,00 € / 31.849,79 €
XOGOS INFANTÍS	217.527,00 € / 250.156,05 €
MOBILIARIO CERRAMENTO E CARTEIS	26.420,00 € / 30.383,00 €
PAVIMENTOS	35.748,00 € / 51.820,20 €
ILUMINACIÓN	6.900,00 € / 62.850,64 €
PINTURA	2.560,00 € / 2.944,00 €

CERTIFICACIÓNS	400,00 €	460,00 €
SEGURIDADE E SAÚDE	1.500,00 €	1.725,00 €
XESTIÓN DE RESIDUOS	2.800,00 €	3.220,00 €
MELLORAS XESTIÓN RESIDUOS	0,00 €	9.520,00 €
FONTANERÍA E SANEAMENTO	0,00 €	24.285,52 €
Total renovación parque	299.155,00 €	469.214,20 €
IVE (21%)	62.822,55 €	98.534,98 €
TOTAL con IVE	361.977,55 €	567.749,18 €

Para a execución desta actuación o Concello de Vigo realizará a contratación dos servizos técnicos externos para os traballos de asistencia técnica para a supervisión e seguimento da execución do proxecto, así como para os traballos de coordinación de seguridade e saúde. A estimación máxima dos custos destas asistencias técnicas estímase en 10.285,00 € (IVE incluído)

PROXECTO DE COMUNICACIÓN:

Mantense a proposta do proxecto de comunicación proposto inicialmente cunha estimación do custe de 3.600,00 € (IVE Incluído).

RESUMO FINAL DO PROXECTO REFORMULADO: PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS

Proposta inicial		Proposta con reformulación
Comunicación e difusión	2.955,00 €	2.955,00 €
Obras	55.208,00 €	188.675,15 €
Persoal (contrato específico)		
Servizos profesionais independentes.	8.500,00 €	8.500,00 €
Subministracións e equipamentos	243.947,00 €	280.539,05 €
TOTAL PROXECTO	310.610,00 €	480.669,20 €
IVE	65.228,10 €	100.940,53 €
TOTAL CON IVE	375.838,10 €	581.609,73 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA	120.000,00 €	120.000,00 €
Importe a financiar polo Concello	255.838,10 €	461.608,73 €



Concello de Vigo

CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN:

PROYECTO: PRIORIDADE 2: RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS			
PRAZO PREVISTO DE EXECUCIÓN		3 MESES	
PREVISIÓN DE DESENVOLVEMENTO POR ETAPAS			
1	Aprobación do Proxecto de Execución polo órgano competente.		1/12/2022
2	Adxudicación da obra.	02/12/2022	16/03/2022
5	Acta de reformulo e inicio da obra.		03/04/2023
6	Certificado Final de Obra (CFO)		03/07/2023
7	Acta de recepción da obra sen observacións.		20/07/2023

III.- PROPOSTA:

A vista dos antecedentes descritos e tendo en conta a resolución provisional de data 14 de outubro de 2022, asinada polo Secretario Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias, pola que se resolve a concesión de subvencións no marco da "Convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", procede propoñer a **ACEPTACIÓN** da proposta de subvención e das condicións establecidas nas comunicacións de Concesión da subvención, así como nas Bases Reguladoras e Convocatoria de axudas de referencia e realizar a **REFORMULACIÓN DOS PROXECTOS** presentados de acordo cos datos recollidos nesta proposta tanto na reformulación do marco orzamentario dos proxectos como na adecuación dos cronogramas de actuación, para a súa adecuación á subvención proposta.

En relación ás obrigas orzamentarias derivadas da proposta de reformulación económica dos proxectos de execución debese indicar que os créditos a financiar por parte do concello de Vigo en cada un dos proxectos serán financiados con cargo a aplicación orzamentaria 1710.6190015 Parques Infantís y Biosaudables

- **RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA (338.206,05 €)**
- **PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS (461.608,73 €)**

Por todo o exposto e de acordo co cumprimento de todas as obrigacións reguladas na Convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente 18 «Renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde» Investimento 2 (C18.I.2) financiadas a través do instrumento Europeo de Recuperación «Next Generation EU», así como a resolución provisional de data 14 de outubro de 2022, asinada polo Secretario Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias, pola que se resolve a concesión de subvencións, a unha vez que se incorpore ao expediente o correspondente informe de fiscalización, propónse á Junta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a ACEPTACIÓN da proposta de subvención, recollida na resolución provisional de data 14 de outubro de 2022, asinada polo Secretario Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias, pola que se resolve a concesión de subvencións no marco da “Convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, e de acordo coas condicións establecidas nas comunicacións de Concesión da subvención, así como nas Bases Reguladoras e Convocatoria de axudas de referencia, de acordo cos seguintes importe de subvención:

- N.º de Expediente 2022-276 - Título do proxecto RENOVACIÓN DEL PARQUE CAMILO JOSÉ CELA - Subvención concedida: 120.000,00 €
- N.º de Expediente 2022-349 - Título do proxecto RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DEL PARQUE INFANTIL "LA RECONQUISTA" EN EL BERBÉS - Subvención concedida: 120.000,00 €

Segundo: Aprobar a proposta de reformulación dos proxectos presentados de acordo coas seguinte condición en relación o marco orzamentario e o cronograma de actuación:

a.- PROXECTO PRIORIDADE 01: RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA

O Proxecto “RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA”, mantén os mesmos condicionantes iniciais respecto o seu obxecto e ámbito de actuación, e de acordo coa revisión orzamentaria do proxecto realizado pola mercantil PARRILLA INGENIERIA E CONSTRUCCIÓN (redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Carlos Gustavo Grella), acada o seguinte RESUMO DE ORZAMENTO DA RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA de acordo coa seguinte REFORMULACIÓN DO PROXECTO:

Desglose de custos de acordo á convocatoria:

Proposta inicial		Proposta con reformulación
Comunicación e difusión	2.955,00 €	2.955,00 €
Obras	58.560,03 €	160.025,49 €
Persoal (contrato específico)		
Servizos profesionais independentes.	8.500,00 €	8.500,00 €
Subministracións e equipamentos	180.176,95 €	207.203,03 €
TOTAL PROXECTO	250.191,98 €	378.683,51 €
IVE	52.540,32 €	79.523,54 €
TOTAL CON IVE	302.732,30 €	458.207,05 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA	120.000,00 €	120.001,00 €
Importe a financiar polo Concello	182.732,30 €	338.206,05 €



Concello de Vigo

CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN:

PROYECTO: PRIORIDADE 2: RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS			
PRAZO PREVISTO DE EXECUCIÓN	3 MESES		
PREVISIÓN DE DESENVOLVEMENTO POR ETAPAS			
1	Aprobación do Proxecto de Execución polo órgano competente.		1/12/2022
2	Adxudicación da obra.	02/12/2022	16/03/2022
5	Acta de reformulo e inicio da obra.		03/04/2023
6	Certificado Final de Obra (CFO)		03/07/2023
7	Acta de recepción da obra sen observacións.		20/07/2023

b.- PROXECTO PRIORIDADE 02: PROXECTO DE RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS

O proxecto para a "RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS" mantén os mesmos condicionantes iniciais respecto o seu obxecto e ámbito de actuación, e de acordo coa revisión orzamentaria do proxecto realizado pola Arquitecta, D^a. Estefanía Vázquez Martínez, acada o seguinte RESUMO DE ORZAMENTO DA RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS de acordo coa seguinte REFORMULACIÓN DO PROXECTO:

CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN:

PROYECTO: PRIORIDADE 2: RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS			
PRAZO PREVISTO DE EXECUCIÓN	3 MESES		
PREVISIÓN DE DESENVOLVEMENTO POR ETAPAS			
1	Aprobación do Proxecto de Execución polo órgano competente.		1/12/2022
2	Adxudicación da obra.	02/12/2022	16/03/2022
5	Acta de reformulo e inicio da obra.		03/04/2023
6	Certificado Final de Obra (CFO)		03/07/2023
7	Acta de recepción da obra sen observacións.		20/07/2023

Terceiro: Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da e presentación da documentación requirida para a aceptación da presente subvención, de acordo coa execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma a través da plataforma creada para ese efecto dispoñible na web da Rede Española de Cidades Saudables (<http://recs.es/>)

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez